

Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Subvencións e axudas***IV PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA
MACHISTA**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN DO PREMIO
IV PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA
MACHISTA.**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN.*

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión do premio de xornalismo ético no tratamento e comunicación da violencia de xénero e vicaria, consistentes nunha compensación en metálico para a persoa gañadora.

Este galardón pretende premiar a aqueles ou aquelas profesionais do xornalismo que, ademais de informar, o saiban facer con ética, fuxindo do sensacionalismo e tendo coidado coa intimidade das vítimas e das persoas superviventes máis vulnerables. Tamén daquelas persoas que, con valentía, atendan a esta secuela do patriarcado e do machismo como se merece: sinalando a súa profunda raíz e alentando a toda a sociedade a arrincala de vez.

Sesé Mateo (Chapela, Redondela 1965-2017) foi unha muller feminista e militante na defensa das liberdades básicas para os seres humanos, de calquera raza e condición. Foi asasinada en 2017 pola súa exparella, nun crime que deixou, ademais, sen fogar á súa familia durante meses.

A loita do Grupo de Apoio á Familia Mateo (colectivo creado polas súas amigas que organizou actividades para a recadación de fondos para a rehabilitación da súa vivenda) e, posteriormente, doutro grupo de mulleres activistas culturais que colaboraron co seu fillo, Joshua Alonso Mateo, na edición do libro póstumo dos seus poemas No camiño do vento, fixo que este crime machista non fose un mero número máis, senón que movese algúns marcos sociais inxustos e indecentes. O seu proxecto No camiño do vento xerou fondos económicos que foron integramente doados ao Fondo de Becas para as orfas e orfos de violencia machista da Fundación Mujeres. Coa creación deste premio queremos seguir abrindo camiños no ámbito dos medios de comunicación. Entendemos que estas noticias deben formar parte da axenda mediática, pero deben lograr un tratamento correcto da violencia de xénero e vicaria para que a difusión de valores contra a violencia sexan clave na prevención a través da sensibilización.

A figura de Sesé Mateo inspira esta convocatoria por ser o seu caso un dos máis mediáticos de Galicia. Así consta no estudo asinado pola xornalista Belén Puñal Rama que aparece ao



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

final do libro No camiño do vento. Queda moito por mellorar aínda no ámbito do xornalismo con respecto ao tratamento da violencia en xeral e da violencia contra as mulleres e as súas crianzas en particular.

SEGUNDA.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases e convocatoria é o establecemento do IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista que acollerá traballos de calquera xénero xornalístico (noticias, artigos de opinión, reportaxes etc.) sen límite de extensión e que fosen publicados, en medios en papel ou dixitais, ou emitidos en medios de comunicación radiofónicos ou audiovisuais, entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024.

TERCEIRA.- IMPORTE DO PREMIO E COMPATIBILIDADE.

O galardón consistirá nun único premio dunha cantidade en metálico.

O crédito global do que se dispón para o outorgamento deste premio será de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2311B/4890001 do vixente orzamento municipal.

O pagamento realizarase por medio dunha transferencia bancaria ao número de conta que se indique mediante certificación do número de conta bancaria expedido pola entidade financeira de cada participante que resultase premiado/a unha vez se publique a resolución da Alcaldía de concesión do premio de referencia. A entrega efectuarase nun acto público organizado polo Concello de Redondela.

O pagamento do premio estará suxeito á normativa fiscal aplicable en cada caso. Na contía do premio concedido incluírase calquera tipo de tributo que proceda. Se for o caso de que o pagamento se faga a través de factura, a persoa premiada expedirá a mesma unha vez aprobada a resolución de concesión e polo importe que se conteña nesa. Na factura deberá constar como concepto “IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista 2024”.

O traballo premiado poderase presentar a outras convocatorias realizadas dentro do ámbito da comunidade autónoma ou ben a calquera outro convocado dentro do Estado.

CUARTA.- REQUISITOS.

Poderanse presentar aqueles e aquelas xornalistas, maiores de idade, que asinen noticias co requisito sinalado na primeira destas bases.

Poderán presentar tamén propostas e candidaturas os xornais, radios ou televisións. Neste caso, de resultar premiado o traballo, a beneficiaria e quen recibirá o premio será a persoa autora do traballo.

Só se poderá presentar un traballo por persoa. No caso de coexistir un traballo presentado polo/a autor/a e outro ou o mesmo dese/a autor/a proposto/a por calquera entidade, prevalecerá



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

a candidatura do/a autor/a, rexeitándose a presentada polo xornal, radio ou televisión, respectándose así a Lei de propiedade intelectual (RDL 1/1996, do 12 de abril).

Os traballos presentaranse en lingua galega ou castelá, valorándose con maior puntuación os realizados en lingua galega por ser o seu uso minoritario no ámbito xornalístico.

QUINTA.- CARACTERÍSTICAS DOS TRABALLOS.

Establécese unha única categoría, sen límites de extensión, e os traballos deberon ser publicados ou emitidos en medios de comunicación radiofónicos ou audiovisuais. Aceptarase calquera formato do reportaxe:

- a) Medio escrito (diarios, revistas ou medios dixitais acreditados).
- b) Radio (programa, podcast, cuña...).
- c) Televisión.

No caso de que o xurado considere que ningún traballo presentado alcanza un nivel mínimo, poderase declarar o premio deserto. Tamén existe a posibilidade de outorgar o premio a varios traballos ex aequo; neste caso o importe do premio repartirase a partes iguais.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN.

Os traballos que se queiran presentar a concurso faranse chegar ao Concello no prazo indicado xunto cunha fotocopia do DNI da persoa autora do traballo e unha fotocopia do CIF do medio de comunicación que propón o traballo, de ser o caso, e coa solicitude de participación (Anexo I) dirixida ao Concello de Redondela na que constará o nome, NIF/CIF, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico da persoa concursante ou, no seu caso, de quen propoña, de forma que se permita a rápida localización das persoas que asinan os traballos concorrentes.

A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria supón a aceptación incondicional destas bases.

Poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, en horario do Rexistro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), ou nos lugares que sinala o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre os cales se atopa a Sede Electrónica do Concello de Redondela.

No caso de presentar a solicitude noutro rexistro diferente ao do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: igualdade@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo unha copia da solicitude onde conste o rexistro de entrada que lle fora asignada e unha copia da documentación, para que se poida levar un control da relación das persoas ou entidades admitidas. En ningún caso a documentación remitida a través de dito correo electrónico terá validez de presentación nin ten a consideración de rexistro oficial, se non foi presentada no rexistro ou sede electrónica pertinente.



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

En calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa ou á entidade participante que achegue información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta valoración da solicitude presentada.

SÉTIMA.- PRAZOS DE SOLICITUDE.

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela, no taboleiro electrónico e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O prazo para a presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 30 de setembro de 2024.

OITAVA.- CRITERIOS OBXECTIVOS.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrência competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e convocatoria e adxudicar os premios segundo as puntuacións conferidas.

VALORACIÓN DOS TRABALLOS:

Exponse un sistema de puntuación que parte dunha puntuación inicial de 0 ata o máximo de 10 puntos por candidatura.

Descartarase automaticamente a candidatura que empregue información, linguaxe ou material sensacionalista ou morboso.

Os criterios de valoración son os seguintes:

CONCEPTO	PUNTOS
Uso da lingua galega.	1
Visibilización das formas de violencia de xénero.	1
Difusión de recursos de prevención, atención e denuncia en caso de situación de violencia, con mención específica aos recursos públicos e privados existentes na área de influencia do traballo.	1
Tratamento adecuado da información referente ás vítimas e contextualización con profesionais especializados/as que aporten rigor e obxectividade profesional ao traballo.	1
Valoración do xurado referente ao contido.	6

NOVENA.- XURADO.

O xurado que avaliará os traballos presentados estará composto por:

- PRESIDENTA: a Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Participación Cidadá e Parroquias ou quen se designe por resolución expresa da Alcaldía.
- 4 VOGAIS: persoas vencelladas ao Concello de Redondela e do ámbito do xornalismo e/ou da cultura.



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

- SECRETARIO/A: con voz e sen voto, que será o/a funcionario/a do servizo de igualdade do Concello de Redondela ou quen se designe por resolución expresa da Alcaldía.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

Despois da avaliación dos traballos, o tribunal trasladará a súa proposta e resolverá o premio concedido. O/a Secretario/a do mesmo recollerá en acta a resolución adoptada. A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Redondela, e segundo o resultado ditaminado polo xurado, formulará, mediante resolución da Alcaldía, a concesión do premio de referencia. A resolución publicárase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Redondela, así como será notificada á persoa beneficiaria. O prazo para resolver o procedemento de concesión do premio será de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RECURSOS.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición tras o transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS E DEREITOS DA PERSOA BENEFICIARIA.

A persoa beneficiaria do galardón fará depósito do seu traballo no Concello de Redondela durante un prazo de tres meses, dende a data na que se faga efectivo o galardón, que pode coincidir ou non coa data da gala de entrega do premio, a partir do cal, poderá proceder a retiralo.

O Concello fará exposición e uso do traballo premiado, nun lugar destacado de calquera das dependencias municipais, así como a divulgación do nome da persoa gañadora ou beneficiaria nos medios habituais e do seu traballo. A persoa beneficiaria deberá colaborar, no posible e sempre que non lle supoña ningún prexuízo, coa divulgación do galardón.



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DO PREMIO.

A concesión do premio publicarase na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, cando algunha das subvencións concedidas a unha persoa beneficiaria sexa superior a 3.000,00 euros procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun extracto de acordo de concesión das subvencións, indicando os lugares onde se atopa exposto e o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal), onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 99 do 23 de maio de 2008 e Bases Reguladoras e Convocatoria da Subvención para a concesión do IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista.

De conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámoslle de que este Concello é responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña.

A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: dpd@redondela.gal.

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J8693VKX19EB001V



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
IV PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA	Solicitud (Anexo I)

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Cumprimentar no caso de ser a persoa autora quen presenta o traballo.

Don/donaconnúmerodeNIF

,conendereçopostal

,númerodeteléfono

e endereço electrónico.

Cumprimentar no caso de ser representante dun medio de comunicación.

Don/dona,connúmerodeNIF

,en calidade de representante do medio de comunicación

,connúmerodeCIF

,conendereçopostal

,númerodeteléfono

e endereço electrónico,

Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

sendo a persoa autora do traballo que se presenta

con número de NIF

EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as Bases e convocatoria do *IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista*.

- Que os datos indicados na solicitude son certos.

- Que declara que a persoa autora do traballo que se presenta está ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

SOLICITA:

A participación no *IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia*

machista co traballo denominado

publicado en na data

Documentación que se achega:

- ☐ Solicitude (Anexo I).
- ☐ Traballo presentado.
- ☐ Fotocopia do DNI da persoa autora.
- ☐ Fotocopia do CIF do medio de comunicación.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para a Subvención para a concesión do premio *IV Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista*.



Martes, 20 de agosto de 2024

Núm. 161

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela de de 2024.

Asinado:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J8693VKX19EBO01V

